



Edificio de uso administrativo  
Avda. Da Mariña, 25(Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tlno.:981 62 00 75  
<http://sede.sada.gal>

# BANDO DA ALCALDÍA

## ACCIÓNS PREVENTIVAS POR RISCO DE SECA

Veciñas e veciños de Sada,

Ante o estado de ALERTA no que se atopa o abastecemento de auga, actuando en común para maior eficacia da nosa acción, decidimos aplicar unha serie de medidas ante a situación de seca que se prolonga desde hai meses e que, en caso de non remediarse cun réxime suficiente de choiva nesta estación, ameaza con levarnos a un escenario difícil de cara ao subministro para todas as necesidades da poboación.

As medidas inmediatas que tomaremos a partir de hoxe serán:

- Restrición do consumo en fontes ornamentais e elementos similares.
- Eliminación do baldeo de rúas para a súa limpeza.
- Redución dos regos públicos e privados, xa que a actual situación de humidade ambiental permite racionalizalos.
- Control de consumos en edificios e instalacións municipais.
- Control das perdas da rede de abastecemento, para detectalas e minimizalas.

É necesario tomar conciencia da importancia de levar a cabo medidas de aforro no consumo da auga, evitando o malgasto e minimizando os usos prescindibles. Por iso, como alcalde, solicito a colaboración dos veciños e as veciñas, das institucións públicas e máis das privadas e das empresas con sede no concello, para que se tomen as precaucións necesarias para evitar o gasto innecesario de auga, en concreto:

- Reducir o lavado de coches e rega de hortas.
- Optimización dos recursos na rega e na gandería, revisando os elementos que poidan ter fugas de auga, e empregando o sistema de goteo.
- Revisión de posibles fugas en baños e cociñas.
- Uso racional da auga no aseo persoal.
- Uso dos electrodomésticos coa carga completa.
- Lavado de froitas e verduras en recipientes.
- Instalación de filtros atomizadores ou difusores en todas as billas da casa.

Confiamos en regresar á normalidade o antes posible, se o réxime de choivas do comezo do outono e do inverno recuperan niveis aceptables, pero temos que estar en disposición de afrontar a prolongación deste estado excepcional das cousas en caso necesario. Precisamos a axuda dos nosos veciños e das nosas veciñas para conseguir un consumo responsable que axude a manter as reservas o máximo tempo posible se chegásemos á peor situación que podemos imaxinar.

Seguirei informando da situación e das medidas que sexa necesario tomar. Conto coa colaboración de todas e todos.

Sada, 29 de setembro de 2022

O Alcalde de Sada

Oscar Benito Portela Fernández